

ANUNCIO

Aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Barro en sesión que tivo lugar o 14 de febreiro de 2007 o prego de condicións que rexerá a **contratación por concurso do Servizo de Axuda no Fogar** deste Concello, anúnciase a licitación coas características que se sinalan:

1.- **OBXECTO DO CONTRATO:** A prestación do servizo de Axuda no Fogar.

2.- **ORZAMENTO:** Estipúlase un prezo máximo por hora de 12,00 euros.

3.- **DURACIÓN DO CONTRATO:** O contrato terá unha duración de un ano, prorrogable ata completa-lo período máximo de catro anos.

4.- **GARANTÍAS:** Provisional 150,00 euros. Definitiva: 300,00 euros.

5.- **PROPOSICIÓNS:** As proposicións presentaranse nas oficinas municipais no prazo de trece días naturais (13), a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres e de 9:00 a 14:00 horas os sábados.

6.- **DOCUMENTACIÓN:** Os licitadores, xunto coa súa proposición, aprotarán a documentación a que se refire a cláusula 12 do Prego de Condicións.

7.- **APERTURA DE PLICAS:** Terá lugar no Salón de Actos deste Concello ás 13:00 horas do segundo día hábil contado a partires do seguinte ó do remate do prazo de presentación de proposicións.

8.- **PREGO DE CONDICIÓNS:** Atópase a disposición dos interesados-as na Secretaría do Concello tódolos días laborables en horario de oficina.

9.- **MODELO DE PROPOSICIÓN:**

“Sobre A: *OFERTA ECONÓMICA.*”

Modelo de proposición:

Proposición para tomar parte no concurso público para a contratación do Servizo de “**Axuda no Fogar do Concello de Barro**” presentada por.....

1º.- Que coñece o Prego de condicións para a adxudicación do concurso para a concesión prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Barro ó que presta a

total conformidade.

2º.- Declara baixo a súa responsabilidade que como licitador ten capacidade xurídica e de obrar e reúne os requisitos específicos esixidos, non encontrándose incurso en ningunha das causas de incapacidade nin incompatibilidade para contratar coa administración municipal.

3.- Que oferta o precio de: ----- EUROS/HORA

4º.- Que acompaña documentación sobre experiencia medios e capacitación profesional.

5.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos pregos de condicións que rexiran o contrato.

6.- Que acompaña nos correspondentes sobres a documentación esixida no Prego de condicións

En.....a.....de.....do 2007.

O/A licitador/a (asinado e rubricado)

Sobre B: PERSONALIDADE XURÍDICA E XUSTIFICANTES

Documentación para tomar parte no concurso público para a contratación do Servicio de “*Axuda no Fogar do Concello de Barro*” presentada por.....

En.....a.....de.....do 2007

O/A licitador/a (asinado e rubricado)”

Barro, 27 de febreiro de 2007.

O Alcalde, Asdo.: José Antonio Landín Eirín